



A RESPONSABLE DE ECONOMÍA CIRCULAR NO SISTEMA DE SAÚDE DO GOBERNO ESCOCÉS INTERÉSASE POLO MODELO DA ÁREA SANITARIA DE VIGO

- *Wendy Rayner, directora do programa de Economía Circular do NHS en Escocia visitou o Hospital Álvaro Cunqueiro e mantivo un encontro de traballo co Comité de Economía Circular da Área Sanitaria de Vigo*
- *Visitou diferentes servizos médicos e hospitalarios para comprobar como se desenvolve a xestión de residuos e o emprego de enerxías sustentables*
- *Foi informada da recentemente posta en marchas Estratexia de Economía Circular do SERGAS 2030, deseñada para camiñar cara unha redución paulatina dos residuos, a reciclaxe de materiais e reducir as emisións de CO2 nun 60%*
- *O SERGAS é o único servizo de saúde en España comprometido coa Carreira cara ao Cero, proposta polas Nacións Unidas, co horizonte no 2040*

Vigo, 10 de maio de 2024.- Wendy Rayner, directora do Programa de Economía Circular do Servizo Nacional de Saúde británico (NHS) no Goberno Autónomo de Escocia, visitou esta semana o Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo co fin de manter unha reunión cos membros do Comité de Economía Circular na Área Sanitaria de Vigo e coñecer de primeira man as súas liñas de traballo así como as diferentes infraestruturas e metodoloxías empregadas no labor de minorar o impacto da actividade sanitaria e a súa pegada no ambiente.



De esquerda a dereita: Sílvia Pérez, directora de Atención Hospitalaria; Belén Vázquez, supervisora de Aproximación; Ana Neira, xefa Departamento e Economía Circular Área Vigo; Inmaculada Pardo, supervisora Docencia Calidade; Xoán Hermelo, coordinador Economía Circular Área Vigo; Beatriz Piñeiro, coordinadora Economía Circular SERGAS; Wendy, coordinadora Economía Circular NHS Escocia; Herminia Domínguez, Universidade Vigo; Ivan Rars, xerente Cluster de la Salud; Ernesto Tapia, subdirector de Recursos Económicos

Nesta reunión, responsables do Comité de Economía Circular da Área Sanitaria de Vigo presentáronlle as liñas de traballo desenvolvidas ata o momento, así como as



propostas da Estratexia de Economía Circular do SERGAS 2030, recentemente deseñada para camiñar cara unha redución paulatina dos residuos, o emprego recursos enerxéticos e insumos sustentables e a reciclaxe de materiais, co fin de estender o ciclo da vida dos produtos e reducir as emisións de CO₂.

Así mesmo, déronlle unha completa información á responsable sanitaria escocesa da eficiencia das estruturas dos hospitais Álvaro Cunqueiro e Meixoeiro, así como de diferentes centros de saúde da Área Sanitaria de Vigo, sen esquecer aspectos como a política de consumo de enerxía sustentable ou xestión de augas.

Metodoloxía e xestión

Tras o encontro de traballo, a responsable escocesa visitou diferentes áreas do Hospital Álvaro Cunqueiro co fin de ver a metodoloxía de xestión enerxética e de tratamento de residuos. Así, as visitas realizáronse nas áreas de Obstetricia e Pediatría, co fin de ver o sistema de recollida selectiva de residuos, e a área de diálise, xa que esta actividade posúe unha parte moi sensible no relacionado cos circuitos de ácidos, para, posteriormente, comprobar en persoa os sistemas de enerxía sustentable de biomasa e a proporcionada polos paneis fotovoltaicos que existen no edificio hospitalario. De seguido, Rainer foi invitada a trasladarse á cociña do hospital, interesándose pola segregación dos residuos, a súa xestión e as posibilidades de valorización dos residuos que se empregan neste servizo.

Interesada polo modelo galego

A liña principal do traballo da responsable escocesa de Economía Circular no ámbito sanitario, Wendy Rainer, céntrase na coordinación das partes implicadas en reducir o impacto da cadea de subministros na sanidade, desprazándose a Vigo para realizar esta visita tendo en conta a experiencia galega no compromiso dunha actividade sanitaria máis eficiente e respectuosa co ambiente, que comezara xa en 2004, obtendo resultados como que o Hospital Álvaro Cunqueiro fora o primeiro hospital de España en obter a certificación outorgada pola Building Research Establishment Environmental Assessment Methodology (BREEAM) como edificio sustentable, así como que as áreas Sanitarias galegas foron recoñecidas polo seu esforzo neste ámbito por Health Care Without Harms en 2023.

A recente posta en marcha da Estratexia de Economía Circular do SERGAS 2030, que ten como obxectivo a implementación de usos e sistemas máis sustentables, respectuosos co ambiente e, polo tanto, saudables, co horizonte do ano 2030; foi outra das razóns da elección de Galicia por parte da responsable escocesa.

Cómpre indicar que, dende as primeiras decisións abordadas en 2004 ata agora, a Sanidade de Galicia acaba de experimentar un cambio cara esta economía circular, ao ser recoñecida na actualidade como o único servizo de saúde de España comprometido coa Carreira cara ao Cero proposta polas Nacións Unidas, que establece como fitos a redución nun 60 % das súas emisións de CO₂ en 2030 e chegar a CERO emisións en 2040.